

CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (GAIN), O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E O INSTITUTO NACIONAL DE TÉCNICA AEROESPACIAL “ESTEBAN TERRADAS” (INTA) PARA A XESTIÓN DO “CENTRO DE INVESTIGACIÓN AEROTRANSPORTADA DE ROZAS”, COMO CENTRO MIXTO DE TITULARIDADE COMPARTIDA ENTRE AS INSTITUCIÓN S SIGNATARIAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Innovación formalizou co Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial “Esteban Terradas” (INTA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de tres anos a partir de que, unha vez asinado, se inscriba no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público e se publique no Boletín Oficial do Estado, segundo se establece no artigo 48.8 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A regulación da xestión compartida do “Centro de Investigación Aerotransportada de Rozas” (en diante, CIAR), por GAIN, IGAPE e INTA e da contribución ao seu funcionamento, así como establecer o réxime xurídico que debe regular o funcionamento do mesmo. O CIAR ten natureza e carácter de Centro Mixto de titularidade compartida, de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

1. Que o INTA, é un Organismo Público de Investigación de acordo co disposto na Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, é un Organismo Autónomo, adscrito ao Ministerio de Defensa, a través da Secretaria de Estado de Defensa, dos previstos no artigo 84.1.a.1º da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, especializado na investigación e desenvolvemento tecnolóxico aeroespacial, que ten as funcións sinaladas no artigo 7.2 do seu Estatuto, aprobado polo Real Decreto 925/2015, de 16 de outubro, entre as que destacan a adquisición, mantemento e mellora continuada de todas aquelas tecnoloxías de aplicación no ámbito aeroespacial; a realización de todo tipo de ensaios para comprobar e certificar materiais, compoñentes, equipos, subsistemas e sistemas de aplicación no campo aeroespacial; o asesoramento técnico e a prestación de servizos a entidades e organismos oficiais, así como a empresas industriais ou tecnolóxicas, e a actuación como centro tecnolóxico do Ministerio de Defensa.

2. Que o IGAPE é un ente de dereito público, con personalidade xurídica e patrimonio propios, adscrito á Consellería de Economía, Emprego e Industria, tal e como se recolle na Lei 5/1992, do 10 de xuño, pola que se acorda a súa creación como un instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación de emprego en Galicia e a un desenvolvemento económico harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo.

3. Que GAIN é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector



público autonómico de Galicia, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (modificado polo Decreto 15/2014, do 6 de febreiro e polo Decreto 125/2016, do 1 de setembro). Esta entidade atópase adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria (Decreto 146/2016, do 13 de novembro) e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis. Ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, así como o apoio e impulso do crecemento da competitividade das empresas galegas a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes (Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria). Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia e a promoción, xestión e execución do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

4. O Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica de Galicia 2011-2015 (Plan I2C), aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 23 de decembro de 2010 é o antecedente inmediato da vixente Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia), que foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 7 de novembro de 2013. O Reto 2 da RIS3 Galicia, que pretende acadar un novo modelo industrial sustentado na competitividade e o coñecemento, inclúe como Prioridade 2.1 a consecución dunha diversificación en sectores tractores galegos e os seus sectores auxiliares a través do uso intensivo das Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais (TFEs), orientado á provisión de novos procesos e produtos de alto valor engadido que permitan explorar novos mercados baseados na



hibridación, o coñecemento e a tecnoloxía, como por exemplo a industria Aeronáutica e Aeroespacial.

5. Que a Xunta, no marco da súa política de apoio ao desenvolvemento do sector aeroespacial en Galicia, decidiu en 2015 impulsar o aeródromo de Rozas, tanto no seu carácter de infraestrutura tecnolóxica singular como de parque tecnolóxico e industrial.

6. Con este obxectivo, as partes asinantes do presente convenio subscribiron o día 5 de novembro de 2014 un convenio de colaboración para o financiamento do proxecto “Infraestruturas e equipamento para a creación dun centro de investigación aerotransportada”, en Rozas (Lugo).

7. Así mesmo, con data 1 de outubro de 2015, GAIN, INTA e IGAPE subscribiron un convenio para a creación do Centro Mixto de Investigación Aerotransportada (CIAR) no Aeródromo de Rozas, co obxecto de contribuír a que o INTA xestionase como infraestrutura tecnolóxica aberta (Infraestrutura Científica e Tecnolóxica Singular) as infraestruturas construídas en Rozas mediante o convenio descrito no punto anterior.

8. Que, como continuación da colaboración sinalada en parágrafos anteriores, GAIN, o IGAPE e o INTA están interesados en dotar de viabilidade a longo prazo a esta colaboración, subscribindo o presente Convenio.

9. As actividades do convenio teñen un custo estimado de 1.250.000,00 € e serán financiadas polo INTA, así como por GAIN e o IGAPE con cargo ás aplicacións orzamentarias que se citan a continuación, dos orzamentos da Comunidade Autónoma para os anos 2020, 2021 e 2022, de acordo coa seguinte distribución:



	Aplicación orzamentaria	Ano 2020	Ano 2021	Ano 2022	Total
Axuda GAIN	09.A3.561A.703.0	100.000,00 €	100.000,00 €	100.000,00 €	300.000,00 €
	09.A3.561A.403.0	40.000,00 €	80.000,00 €	80.000,00 €	200.000,00 €
Axuda IGAPE	09.A1.741A.403.0	150.000,00 €	150.000 €	150.000,00 €	450.000,00 €
Achega INTA		100.000,00 €	100.000,00 €	100.000,00 €	300.000,00 €
Total		390.000,00 €	430.000,00 €	430.000,00 €	1.250.000,00 €

10. Que as achegas de GAIN no marco do presente convenio están destinadas ao financiamento de investimentos no CIAR por parte do INTA, así como a facilitar o acceso ao CIAR, e aos servizos que ofrece o mesmo, de terceiras entidades para o desenvolvemento de actividades de I+D+i a través de procedementos xestionados pola Xunta de Galicia.

11. Que as achegas do IGAPE e do INTA no marco do presente convenio están destinadas ao financiamento de gastos correntes.

12. Que tendo en conta as características do CIAR, a subscripción do presente convenio de colaboración representa o instrumento adecuado de apoio aos obxectivos estratéxicos da industria Aeronáutica e Aeroespacial e de interese xeral pretendidos polas partes asinantes, circunstancia que determina a dificultade de promover a concorrência pública, aos efectos do establecido no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei.

13. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela,

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

